

TRÍATLON DE MENORES DE FERROL 2019

REGULAMENTO

Organiza:

Club Triatlón Ferrol
Lodeco S.L.U.
Email: lodeco@lodeco.es
Persoa de contacto: Miguel Fernández
Teléfono:600 433 203
Federación Galega de Tríatlon

Patrocina:

FEGATRI

Colaboran:

Concello de Ferrol
Autoridad Portuaria de Ferrol - San Cibrao
Policía Local
Protección Civil
Secretaría Xeral para o Deporte

Datas e horarios das carreiras:

Domingo 21 de xullo de 2019
Saída proba benxamín ás 10:00
Saída proba alevín ás 10:25
Saída proba infantil ás 11:05
Saída proba cadete ás 11:45
Hora de remate da proba: 12:45 horas aproximadamente

Distancias:

Categoría benxamín : 100 m de natación – 2 Km en bicicleta (1 volta) – 500 m a pé (1 volta)
Categoría alevín: 200 m de natación – 4 km en bicicleta (2 voltas) – 1000 m de carreira a pé (2 voltas)
Categoría infantil: 400m de natación – 8 km en bicicleta (4 voltas) – 2000 m de carreira a pé (2 Voltas)
Categoría cadete: 750m de natación – 10 km en bicicleta (5 voltas)– 2500 m de carreira a pé (3 Voltas)

Inscripcións:

Gratuíta

Prazo: ata o martes 16 de xullo.

Forma de inscrición:

Proba reservada a Federados con licenza galega

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado Competicións /Inscricións.

Unha vez na carreira, accederán cos códigos xa enviados a clubs e independentes no apartado inscricións á dereita da mesma.

Baixas

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes das 20:00 h. do mércores anterior á proba.

As baixas non comunicadas en prazo terán unha penalización de 5€ por deportista que serán facturados ao club, ao final de cada tempada

-No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións.

Publicación de listas de inscritos:

Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

Saída, transición e meta:

Peirao de curuxeiras, Porto de Ferrol.

Recollida de dorsais:

Na carpa de organización ó carón da transición desde 45´ antes do comezo da proba ata 10´ antes de cada saída.

Premios:

- Medallas para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría.
- Trofeos para os tres primeiros clubs.

Todos os que rematen a proba recibirán un agasallo conmemorativo da proba

"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono"

Normas de competición

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes e o Regulamento Oficial de Competición das Federacións Galega e Española de Tríatlon.